



BANDO MUNICIPAL QUE REGULA AS ACTIVIDADES REFERIDAS A ACTIVIDADES NA RÚA CON MOTIVO DA ECLIPSE TOTAL DO 12 DE AGOSTO DE 2026

Prezadas veciñas e veciños,

O vindeiro mércores 12 de agosto, A Coruña terá o privilexio de asistir a un evento astronómico único, que non se vive na Península Ibérica desde hai máis de cen anos: unha eclipse solar total. E será a cidade europea onde máis tempo se poderá gozar ese día del.

Ese día, e durante minuto e medio, a nosa cidade sumirase nunha noite efímera, na escuridade dun fenómeno moi especial que non só atraerá a milleiros de persoas á Coruña, senón que tamén nos porá en primeira liña en todo o planeta, porque non haberá ningunha cidade na que se poderá observar durante tanto tempo. Ese privilexio astronómico converterá A Coruña no foco de todo o mundo.

Por tanto, co obxectivo de que todas as persoas que escollan A Coruña para presenciar a eclipse disfruten ao máximo desta experiencia inesquecible, informo das pautas que deberán seguirse para o bo funcionamento da cidade durante o Eclipse do 12 de agosto de 2026 e evitarlle así riscos innecesarios e molestias á veciñanza. Deste xeito, poderemos disfrutar dunha cidade que vivirá un acontecemento único dende a convivencia, o respecto e a tolerancia.

Así, facendo uso da facultade que me concede o artigo 124, letra g, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,



FAGO SABER:

ECLIPSE DO 12 DE AGOSTO DE 2026

1. PUNTOS DE PROXIMIDADE E OBSERVACIÓN NOS BARRIOS

Co obxectivo de minimizar desprazamentos innecesarios e favorecer a convivencia nos barrios, identifícanse múltiples puntos de proximidade desde os que contemplar a eclipse. Estes enclaves están dispoñibles nun visor interactivo na web municipal que se pode consultar na seguinte ligazón: <https://www.coruna.gal/visoreclipse>

Entre os espazos recomendados destacan:

- Parque de Oza
- Parque de San Diego
- Parque de Eirís
- Parque de Novo Mesoiro
- Explanada do Parrote
- Praza do Galatea (Durmideiras)
- Aparcamento do Aquarium Finisterrae (Paseo Marítimo)
- Contorna do Ágora
- Praza central de Xuxán
- Explanada do edificio sindical – Sector 7

As praias de **Riazor e Orzán** serán **zonas de observación prioritaria** pola súa amplitude e pola proximidade ao estadio municipal, facilitando os desprazamentos a pé para quen asista ao Trofeo Teresa Herrera. Na Coraza do Orzán estará situado o posto de mando para coordinar o dispositivo de mobilidade e seguridade, unha zona PMR (persoas con mobilidade reducida) para garantir unha observación segura e accesible así como o punto violeta.

A contorna da Torre de Hércules e o parque do Bens considéranse zonas de exclusión polo que se recomenda non acudir a estes espazos.



2. CORTES DE TRÁFICO

O 12 de agosto dende as 16:00h, realizaránse os seguintes cortes:

- Estrada do Monte de San Pedro, tanto dende a glorieta de Catro Ventos coma dende a glorieta de entrada aos Rosales, no cruzamento coa rúa Carmen Rodríguez-Losada Trulock, cara o parque
- Estrada do Portiño en todo o seu percorrido, é dicir, a partires da glorieta de Catro Ventos
- Paseo Marítimo, dende o Portiño ata o ascensor, na avenida Fernando Suárez García
- En consecuencia, tampouco será posible a circulación no interior dos núcleos do Portiño e do Campanario, sempre a excepción de autorizados.

Dende as 19:00h pecharase á circulación:

- Paseo Marítimo, dende a glorieta do Aquarium ata as Escravas, o que inclúe os tramos das Lagoas, Matadoiro, Riazor e Orzán
- Avenida da Habana e rúa Manuel Murguía, na contorna do estadio de Riazor

Os servizos de seguridade e urxencias restablecerán o tráfico segundo evolucionen as previsións dos ditos servizos aproximadamente ás 21:30h no caso da eclipse e para os tramos afectados por este, e contra as 23:00h no caso da contorna do estadio de Riazor.

O acceso ao Portiño e ao Monte de San Pedro será a pe, só estará autorizado o acceso aos autobuses urbanos e vehículos autorizados. O parque do Monte de San Pedro permanecerá pechado ao tráfico rodado só con acceso peonil e vehículos autorizados xa dende as 10h.

Facúltase ao director do Plan de autoprotección para modificar estes horarios se for necesario.

3. TRANSPORTE PÚBLICO

Con motivo do Eclipse e ao obxecto de reducir a utilización de vehículos particulares, deseñouse un **dispositivo especial** cos seguintes servizos:



Concello da Coruña

Lanzadeira UDC- Praza de Pontevedra, consistente en lanzadeiras que ofrecerán unha frecuencia de 10 minutos cada unha a partir das 16:30h da tarde.

Servizo Especial Fútbol, un servizo de lanzadeiras desde os campus da Universidade polo Sector 7 e pola contorna dos estacionamentos do Coliseum, o Recinto Feiral e o Birloque ata a praza de Pontevedra. Tamén circulará cada 10 minutos ese día 12 de agosto a partir das 16:30 h.

Liña especial 3A, reforzará o seu servizo dende Porta Real cara o Monte de San Pedro e O Portiño, e aumentará a súa frecuencia de paso que, nese día, será cada 15 minutos.

Así mesmo, esta liña 3A desviará lixeiramente o seu percorrido para baixar ata a glorieta do Portiño, onde se habilitará unha parada provisional para aquelas persoas que precisen

desprazarse a esa contorna no transporte colectivo de viaxeiros.

Liñas regulares

Mantéñense coas variacións habituais en 3, 3-A, 7 e 11 polos cortes no paseo marítimo.

Transporte de volta

Liñas regulares ata despois das 23:00 h. Liña especial de regreso aos campus con frecuencia de 15 minutos. Reforzo da 3-A para retornos desde Portiño e San Pedro.

Aparcamientos disuasorios

Habilitaranse 1.000 prazas nos campus de Elviña e Zapateira, con liña especial de transporte urbano cara aos puntos de observación e a contorna de Riazor.

4. SERVICIOS DE SEGURIDADE E URXENCIAS

Os servizos de seguridade e urxencias municipais (Policía Local, Servizo de Extinción de Incendios e Urxencias e o Servizo de Protección Civil) velarán polo cumprimento do regulado nesta disposición e no resto das ordenanzas municipais, de xeito que se as persoas responsables de instalación, actos ou eventos non atendan as indicacións por razóns de seguridade, poidan acceder á súa retirada inmediata e traslado onde se considere necesario, sen prexuízo da iniciación, no seu caso, do expediente sancionador que puidera corresponder.



5. NORMA ESPECIAL PARA OS ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERIA NO DÍA DO ECLIPSE

De forma excepcional, o día 12 de agosto de 2026, aqueles establecementos de hostalería que o desexen poderán instalar na rúa barras sempre e cando non afecte á circulación de vehículos. Previa comunicación por escrito á Área de Seguridade Cidadá <https://www.coruna.gal/hosteleriaeclipse> poderán instalar elementos como neveiras, mostradores, barras ou similares, garantindo a seguridade e accesibilidade no espazo de titularidade municipal.

Ademais, os establecementos que instalen barras no exterior deberán permitir o acceso das persoas clientes aos aseos do local ou, alternativamente, instalar un aseo público accesible.

Entre as 20.15 e as 20.45 horas non estará permitido o uso de altofalantes, equipos de música nin sistemas de reprodución sonora na vía pública.

Para todas aquelas actividades propostas que excedan do estipulado neste bando, deberá presentarse una solicitude ante a Área de Mobilidade para o seu análise.

6. PUNTOS VIOLETAS

Colocación de un Punto Violeta fixo situado na Coraza e tres Puntos Violeta Itinerantes, que percorreren todo o paseo marítimo, desde a zona das Escravas ata a fonte dos Surfeiros e os areais das praias do Orzán e Riazor. Estes puntos son espazos seguros que ofrecen información á cidadanía en xeral e, no seu caso, asesoramento e atención psicolóxica ás persoas que sufran violencias machistas, contando con persoal especializado no ámbito da psicoloxía. Ademais o persoal especializado repartirá pulseiras de detección de substancias químicas. Con esta medida o Concello da Coruña contribuirá a favorecer o disfrute do eclipse libre deste tipo de violencias. O horario de atención dos puntos será de 18:00 a 22:00 horas da noite.

7. RECOMENDACIÓNS XERAIS

Priorizar o uso do transporte público urbano, o uso dos aparcadoiros disuasorios cando non sexa posible empregar o transporte público e planificar os desprazamentos con tempo.

Non mirar directamente ao sol, salvo cos lentes homologados para observación solar. Evitar empregar vidros afumados, radiografías e outros trebellos que



Concello da Coruña

poden acabar provocando danos irreversibles nos ollos. Informar aos menores do risco de mirar directamente ao Sol e supervisar o seu uso de lentes homologados.

Acudir de forma prioritaria aos puntos de proximidade nos barrios para a observación do eclipse.

8. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

As infraccións das presentes normas serán denunciadas, tramitadas e sancionadas de conformidade coa norma xurídica que resulte de aplicación en cada caso. Nos supostos recollidos na lexislación vixente e sempre que existan razóns de seguridade que o aconsellen, o Corpo de Policía Local poderá, como medida cautelar, comisar ou retirar todo tipo de materiais, instalación ou bens mobles en xeral, logo de llelo requirir ás persoas interesadas cando iso for posible. Se o comisado fose perecedoiro, destruírase ou entregaráselles a centros benéficos.

9. NORMAS COMPLEMENTARIAS

A Área de Seguridade Cidadá queda autorizada para ditar as instrucións complementarias que esixan as circunstancias e o desenvolvemento dos festexos.

10. VIXENCIA

O presente bando estará en vigor desde o día da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello até as 05.00 h do 13 de agosto de 2026.

A Coruña, na data da sinatura electrónica do documento

A Alcaldesa
Inés Rey García